


Identidades

de Xabier Mariño Álvarez

10



Lugar de residencia

MARCO – Museo de Arte Contemporánea
Vigo

Data de residencia

Agosto – setembro 2009

Identidades é unha instalación interactiva relacionada coa *performance*, a video-creación, a escultura e a música electroacústica, non como disciplinas consideradas individualmente senón no seu conxunto. O proxecto, cuxo obxectivo é unha reflexión sobre a identidade, estrutúrase en varias partes diferenciadas –traballo puramente sonoro, de videocreación, e performativo– pero ligadas entre si. O papel do público será máis que nunca determinante non só por estar inmerso nun espazo imaxinario, case virtual, senón tamén por proporcionar como se dunha retroalimentación se tratase a súa propia identidade, a súa actitude pasiva ou activa na construción narrativa.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

Xabier Mariño

Estuda piano no Conservatorio Reveriano Soutullo da súa vila natal. Licenciado en Composición en Musikene, Centro Superior de Música do País Vasco, recibe clases de técnicas de composición con medios electroacústicos e para medios audiovisuais cos compositores Gabriel Erkoreka, Ramón Lazkano, Stefano Scarani e Cristophe Havel, entre outros.

É seleccionado para participar nos Encontros de Composición para Cuartetos de Corda con Nicolás Bacri no Conservatorio Nacional Rexional de Bayonne (Francia) e mais no Encuentro Iberoamericano de Composición Musical Injuve 2007 cos mestres Jesús Rueda, Hilda Paredes, Phillippe Hurel e Poul Ruders.

Como compositor realiza obras para diversas formacións instrumentais con medios electroacústicos e audiovisuais, entre as que destacan *Concerto para saxofón e 7 instrumentos*, seleccionada polo antigo IGAEM para a edición da partitura dentro da serie *Ars Gallaecia Musicae* coa editorial Dos Acordes; *Musika-lur*, teatro musical realizado durante a súa estada como compositor residente da E.G.O. (Xove Orquestra de Euskadi); *A sombra do sol*, encargo do I Festival Internacional de Música de Cámara de Galicia Cameralia 07 ou *Cantos de Reis*, encargo da Orquestra Sinfónica de Musikene de San Sebastián. É compositor asociado das agrupacións Krater Ensemble (Euskadi) e Fonos 21 (Galicia).